

# 3º ESO

<b>TIPO MAT.</b>	<b>MATERIAS</b>
<b>ASIGNATURAS XERAIS</b>	Bioloxía e Xeoloxía- 2 horas Física e Química- 2 horas Xeografía e Historia -3 horas Lingua castelá e Literatura- 3 horas Primeira Lingua Estranxeira- 3 horas
<b>LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA</b>	Lingua Galega e Literatura- 3 horas
<b>MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN</b>	Matemáticas orientadas a Ensinanzas académicas /ou orientadas a Ensinanzas Aplicadas- 4 horas
<b>ASIGN. ESPECÍFICAS OBRIGATORIAS</b>	Educación Física- 2 horas Relixión ou Valores éticos- 1 hora
<b>ASIGN. ESPECÍFICAS</b>	Música- 2 horas Tecnoloxía- 2 horas Educación Plástica , Visual e Audiovisual- 2 horas Segunda lingua estranxeira/OU Cultura Clásica- 2 horas

TIPO MAT.	MATERIAS
MATERIAS XERAIS- TRONCAIS	Xeografía e Historia – 3 horas Lingua castelá e Literatura- 3 horas Matemáticas orientadas a Ensinanzas Académicas – 4 horas Primeira Lingua Estranxeira- 3 horas
MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN - DÚAS	Bioloxía e Xeoloxía- 3 horas Economía- 3 horas Física e Química – 3 horas Latín- 3 horas
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	Lingua galega e Literatura – 3 horas
ASIGN. ESPECÍFICAS OBRIGATORIAS	Educación Física- 2 horas Relixión ou Valores éticos- 1 hora
ASIGN. ESPECÍFICAS- DÚAS	Artes escénicas e Danza- 3 horas Cultura Científica- 3 horas Cultura clásica- 3 horas Educación Plástica , Visual e Audiovisual- 3 horas Filosofía- 3 horas Música – 3 horas Segunda Lingua Estranxeira- 3 horas Tecnoloxías da Información e da Comunicación- 3 horas Unha materia do bloque de troncais non cursadas polo alumno- 3 horas

4<sup>o</sup>

ESO

ENSINANZAS ACADÉMICAS non vinculante á opción de 3<sup>o</sup>

# 4º ESO

TIPO MAT.	MATERIAS
MATERIAS XERAIS- TRONCAIS	Xeografía e Historia – 3 horas Lingua Castelá e Literatura - 3 horas Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.- 4 horas Primeira Lingua Estranxeira.- 3 horas
MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN - DÚAS	Ciencias aplicadas á Actividade Profesional.- 3 horas Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.-3 horas Tecnoloxía- 3 horas
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	Lingua galega e Literatura – 3 horas
ASIGN. ESPECÍFICAS OBRIGATORIAS	Educación Física- 2 horas Relixión ou Valores éticos- 1 hora
ASIGN. ESPECÍFICAS- DÚAS	Artes escénicas e Danza- 3 horas Cultura Científica- 3 horas Cultura clásica- 3 horas Educación Plástica , Visual e Audiovisual- 3 horas Filosofía- 3 horas Música – 3 horas Segunda Lingua Estranxeira- 3 horas Tecnoloxías da Información e da Comunicación- 3 horas Unha materia do bloque de troncais non cursadas polo alumno- 3 horas

**ENSINANZAS  
APLICADAS**  
non vinculante  
a opción de 3º

# PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

- Medida de atención á diversidade. Poden desenvolverse a partir de segundo curso da ESO
- Estes programas irán dirixidos preferentemente a aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables a falta de estudo ou esforzo.
- Poderá propoñer a un Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento aqueles alumnos e alumnas que repetisen cando menos un curso en calquera etapa, e que unha vez cursado o primeiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria non estean en condicións de promocionar ao segundo curso, ou que unha vez cursado segundo curso non estean en condicións de promocionar ao terceiro.
- O programa desenvolverase ao longo dos cursos segundo e terceiro no primeiro suposto, ou só en terceiro curso no segundo suposto.

# PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

- Aqueles alumnos/as que, cursando terceiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria, non estean en condicións de promocionar ao cuarto curso, poderán incorporarse excepcionalmente a un Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento para repetir terceiro curso.
- Nos devanditos programas utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, no seu caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e **alumnas poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.**

# FP BÁSICA

**ORDE 13 DE XULLO 2015;  
ARTIGO 10-15**

# REQUISITOS DE ACCESO Á OFERTA OBRIGATORIA

Segundo o establecido no artigo 15 do Decreto 107/2014, para acceder á oferta obrigatoria é preciso que o alumno ou a alumna cumpran de forma simultánea os seguintes requisitos:

- a) Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
  - b) Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.
  - c) Ser proposto/a polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a titoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.
- Cumprirá, ademais, o consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais do alumno ou da alumna, para cursar estas ensinanzas.

# PROCEDIMENTO

O equipo docente propón ós alumnos para realizar estes estudos, xunto co xefe ou a xefa do Departamento de Orientación, realizarán unha reunión onde se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. A dirección do centro comunicará á familia a súa proposta. Utilizando o mesmo procedemento o equipo docente poderá realizar a proposta dos alumnos con 17 anos cumpridos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na Educación Secundaria Obrigatoria. Terán prioridade o alumnado que cursara 2º da ESO, logo os de 3º e por último os de 4º. Dentro de cada grupo de menor a maior idade.



# SOLICITUDE DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

O alumnado proposto debe presentar unha única solicitude de admisión e matrícula. O prazo de solicitude de admisión como norma xeral abarca desde o 1 de setembro ata o 10 setembro (según convocatoria)

Unha vez admitido no ciclo deberá formalizarse a matrícula nos prazos deseñados para tal fin

# PROMOCIÓN

**As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de forma colexiada polo conxunto de profesores do alumno ou alumna respectivo, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.**

**Os alumnos e alumnas promocionarán de curso cando superasen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas de forma simultánea.**

# PROMOCIÓN

**De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción de un alumno ou alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:**

- a) que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas,**
- b) que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non impide ao alumno ou alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica,**
- c) e que se apliquen ao alumno ou a alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.**

# PROMOCIÓN

**Poderá tamén autorizarse de forma excepcional a promoción dun alumno ou alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas de forma simultánea cando o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte.**

**As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da Educación Secundaria Obrigatoria consideraranse como materias distintas.**

# PROMOCIÓN

**O alumno ou alumna que non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá aplicárselle no mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando Educación Secundaria Obrigatoria ata os dezanove anos de idade, cumpridos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.**

# PROMOCIÓN

**Ao final de cada un dos cursos de Educación Secundaria Obrigatoria entregárase aos pais, nais ou titores legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores legais ou, no seu caso, ao alumno ou alumna do itinerario máis adecuado a seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao do logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta.**